

Primeira vez:

- E ti? Cantas vidas tes entón?- interrogou a sala.
- 7.
- E logo? Parécenche fermosas?
- Parécenme curiosas.
- Fálame da túa vida 1. Como apareceu? Como é?

Na sala de repouso facíanse moitas preguntas. Sempre moitas, moitas, indefinidas ata que o tempo estaba a piques de rematar. Recobrabas a túa memoria completa sobre as vidas na súa globalidade, acordándote de todas elas ao mesmo tempo. Buscando as súas diferenzas e similitudes, puntos débiles e ben fortes. A sala de repouso falaba con voz baixiña, tiña que afinar o oído para escoitala, e iso incrementaba a miña concentración polo saber da súa entrevista. A sala de repouso falaba, e eu estaba simplemente sentada como persoa, sen espellos onde me ver, ou cabeza que xirar para abaixo para ver como semellaban as miñas mans reais. Neste intre só estaba composta dunha mente, dunha alma. Agardaban dentro de min esoutras 7, das que tiña que responder, e conservar, para seguir sendo.

- A vida número un chegou de primeira, efectivamente. Aconteceu por primeira vez e xa á segunda sumouse outra vida, pero esta a coñecín nun prematuro nacemento. Vida número 1 é chamada Sabela, eu mesma chámome Sabela. Agora así, de xeito subxectivo, son capaz de dicir que non me quero nada absolutamente e penso que co tempo eso cambia, pero fáltame vontade. Vexo en min cada trazo negativo do mundo, penso que é falta de algo chamado autoestima. Nestes últimos anos estiven tendo problemas cos alimentos e en consecuencia, cos meus pais. Non dei máis de min fai un tempo e deixei de soñar esperta. Para colmo, sempre quixen ser modelo, e preséntome a sitios, a clubs, a castings. Sempre acontece o mesmo: reacción ao meu corpo coa comida, pois buscan xente cun perfil diferente. Tampouco penso que sexa todo culpa do meu corpo, a miña face non axuda en absoluto. Móstrome pechada ao me dicir que son guapa, ou que saio ben nunha foto, e dende que son así- fixen un xesto poñendo preto os dedos- así de pequerrechiña, a miña resposta aos alagos foi sempre "non" e non "grazas". Son algo dramática, se cadra debería adicarme a iso, ao teatro, ao cine. Ao lado os veciños quéixanse duns saloucos meus cos que pensan que vou morrer. Que foi? "Saquee un 8". Miña nai ten unha frase favorita, coma todas as nais, coma seguramente, todas as persoas que tratan connigo. Esa é, nen máis nin menos: es unha esaxerada. Eu acéptoo, acepto que parece que decaía a miña vida polas mans molladas dos meus choros, pero non podo parar, non podo evitar, falar da forma máis extravagante, da que me trata o mundo.
- Dramática, extravagante, pechada, sen autoestima. - repite a sala de repouso, reflexionando- non che vai moi ben na túa vida número 1, é algo que debes traballar.

Número de vez, moito máis adiante, na sala:

- Sabela precisa confianza.

Conclusión: confianza.

Entón da sala de repouso cae un pano vermello que pon a palabra: confianza. Repítoa na miña cabeza varias veces.

Aquí dentro non coñezo o límite do tempo, pero xuraría que veño cada mes. Cada mes sácanse conclusións da miña vida e teño metas que cumprir. Seica con Sabela nunca cumprín ningunha. É moi complicada.

SON moi complicada.

- E a túa vida número dous? Como vai superando o trauma? Pásaselle? Es consciente de que camiños pode tomar agora na soidade?- a sala de repouso non ten filtro. Solta preguntas inxeniosas ou tan só resolutivas que deberían axudarme a resolver as miñas complicación, cousa que non significa que esas preguntas non doan.
- A vida número 2.- esquézome por un momento do que ía dicir- paréceme que estou a punto de escribir un novo capítulo á miña vida.
- Eso é unha boa noticia.
Repasemos datos. Vida número 2, nome.
- Naia.
- Situación actual.
- Fun a visitar o cadaleito do Xoán, leva 7 anos morto. Escribíralle unha carta. Desas que non se olvidan nunca. Pensar demasiado niso está afectando á miña vida, así que decidín ir por última vez. Dar un novo paso, olvidar como morreu no pasado, olvidar as culpas, olvidar as verbas.
- Tes medo.

A sala de repouso sabíao todo. Sentía o que sentías, mesmo seguramente xa sabía o que sabías, polo que as cuestións que facía solo eran para que mencionaras a ti mesma dende todos os puntos de vista. Podería dicirse que se trataba dunha voz interior.

- De que tes medo?- a insistencia normalmente viña precedida de silencio, porque eu sabía que podía adiviñalo soa.
- Pois,- aínda así respondín- acostumeime a quere-lo e co tempo, é rutina, é vida, é pensamento coma calquera outro, o meu corazón leva o seu nome. Iso non ten problema, souben intentar paralo, porque se fixo algo adictivo, que me consumía. É outra preocupación a que percorre a miña cabeza... E se non podo atopar a ninguén me queira de novo? Ninguén que me queira coma el me quixo? Entón estou soa de verdade, e xa non depende de min, que queira estar ben de novo e logo non volver a ter o que sempre loitei por ter: esa conexión que compartía con Xoán.
- É imposible que ninguén te queira da mesma maneira, sábelo ben, porque son xente diferente, ao igual que ti e máis el queríadevos de formas infinitamente diversas e amplas. O que si creo posible é que poderás atopar a alguén que te queira coa mesma forza, e que con esa maneira que teña, te faga sentir un becho alá dentro- notei como a xema dos seus dedos, que non alcanzaba a ver debido á súa incorpórea presenza, tocaban o meu estómago, que tampouco alcanzaba a ver polas mesmas razóns, máis eu sentíao todo. Dende todas as perspectivas, rachaban

as palabras en min e ulía, escoitaba, vía cores que me lembraban ás miñas vidas, e, sen poder moverme, sentíame min mesma, persoa.

- Entón?- fixen un aceno impaciente, ou intenteino coa miña suposta face.
- Es inqueda, es pasional, es solitaria e perdes esperanzas.
- E...?

Esperei unha resposta. Diso pasaron uns 5 minutos se é que contei ben ata 60 cinco veces. Logo lembrei o meu esforzo mental para axudar á sala a ser a miña voz interior e solucionar iso por min mesma.

- Conclusión- dixo despois- paciencia.

Xenial. Paciencia.

- Sónate aborrecedor?
- Peor ca iso.
- Verás.

Sala de repouso tamén parecía sabelo todo. Eu nunca entendía nada, ata que acontecía. Quen sabe en cal das vidas ía aplicar agora a súa videncia, cando parecía que todas elas, ían a pique.